

CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de setembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO SEGUNDO. DESIGNACIÓN MEMBROS XURADO CONCURSO DE IDEAS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO MULTIFUNCIONAL DE LECER, CULTURA E PROMOCIÓN ECONÓMICA DIRIXIDO Á MOCIDADE E PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL NO CONCELLO DE AMES.

Expediente Gestdoc 389/2020

O Concello de Ames foi recentemente beneficiario dunha axuda para cofinanciar unha Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado, denominada “Impulsa Ames” mediante o Programa operativo Europeo FEDER de Crecemento Sostible, dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020, convocada por Orde HAP/1610/2016, do 6 de outubro.

Dentro deste programa inclúese, dentro do Obxectivo Temático 09 Inclusión social e loita contra a pobreza da EDUSI “Impulsa Ames”, a creación dun centro multifuncional de lecer, cultura e promoción económica dirixido á mocidade e persoas en risco de exclusión social.

Con data 26 de abril de 2019, procedeuse á firma dun convenio de colaboración entre o Concello de Ames e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a xestión dun concurso de ideas para a redacción do proxecto técnico.

As bases do concurso de ideas Aprobáronse en Xunta de Goberno Local do 13.03.2020 finalizando o prazo de presentación de propostas o 02.07.2020

De conformidade co previsto nas bases do concurso unha vez finalizado o prazo de presentación das propostas de proxectos constituirase un xurado do concurso.

Este xurado será o órgano responsable de avaliar e clasificar os proxectos @teniendo en cuenta os méritos de cada proxecto, que fará constar nun informe xunto coas súas observacións e calquera aspecto que requira aclaración.

A actuación do xurado axustarase ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, tanto no referente a criterios de valoración como á actuación do propio xurado. Unha vez recaído o fallo, elevarase ao órgano de contratación para que este proceda á adxudicación do concurso de ideas.

A composición do xurado está determinada nas bases do concurso e é a seguinte:

Presidente: concelleiro de administración xeral ou concelleira en quen delegue. Terá voto de calidade.

Vogais: dous arquitectos/ as designados polo COAG; a arquitecta municipal e un arquitecto/para proposto polos concursantes.

Secretario: un funcionario do Concello de Ames pertencente ao servizo de Contratación.

Actuarán con voz e sen voto.

A composición será publicada no perfil do contratante e na páxina do COAG.

O arquitecto proposto polos concursantes é Carlos Quintáns Eiras que aceptou o seu nomeamento. Os arquitectos propostos polo COAG (que tamén aceptaron o seu nomeamento) son Alberto Redondo Porto e D. Luís Gil Pita. En substitución destes Antonio Davila Alonso e Angel Cid Carballo.

Por todo o exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dous seus membros presentes, adopta vos seguintes acordos:

Primeiro. Nomear aos membros do Xurado do Concurso de Ideas para a redacción do proxecto técnico de construción de edificio para centro multifuncional de lecer, cultura e promoción

FECHA DE FIRMA: 18/09/2020
HASH DEL CERTIFICADO: DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9883E4DFB491DFDC2C48FB9D23CDBAFAF18970D3D0

PUESTO DE TRABAJO: Secretaría Alcalde por delegación

NOMBRE: PRADA QUEIPO, ROSA ANA SANTOMIL MOSQUERA, DAVID

Firmado Digitalmente en el Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC25DA795518D914A4783

económica dirixido á mocidade e a persoas en risco de exclusión social no Concello de Ames (EDUSI), expediente 2020/ C006/000001 GD 390/2020, que son os seguintes:

Presidente: Victor Manuel Fernández Prieto, Concelleiro de Administración Xeral do Concello de Ames; como suplente a Concelleira de Deportes, Susana Señorís Rodríguez. O presidente terá voto de calidade.

Secretario: Mónica González Gómez, funcionaria interina do servizo de Contratación do Concello de Ames; suplente: Emilio Garrido Moreiras, funcionario do servizo de Contratación do Concello de Ames.

Vogais:

Polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), os arquitectos Alberto Redondo Porto e D. Luís Gil Pita. Como suplentes, os arquitectos Antonio Davila Alonso e Angel Cid Carballo.

Arquitecto representante dos concursantes: Carlos Quintáns Eiras.

Arquitecta titular do Concello de Ames: Marta Bellas Rodríguez. En substitución desta, Anxo Panero Pardo, arquitecto da oficina técnica do Consorcio de Santiago de Compostela.

Segundo. A sesión constitutiva do xurado terá lugar o luns día 21.09.2020 ás 11:00 hora na oficina municipal de urbanismo.

Terceiro. Publicar a composición do xurado no perfil do contratante do Concello de Ames e dar traslado ao COAG.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 18 de setembro de 2020, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O primeiro tenente de alcalde
(decreto de delegación 2101/2020)

David Santomil Mosquera

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

FECHA DE FIRMA: 18/09/2020
HASH DEL CERTIFICADO: DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9883E4DFB491DFDC2C48FB9D23CDABAF18970D3D0

PUESTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde por delegación

NOMBRE:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
SANTOMIL MOSQUERA, DAVID

Firmado Digitalmente en el Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC25DA795518D914A4783